

O presidente do Parlamento ofrece colaboración institucional ao delegado do Goberno en Galicia

- Javier Losada efectuou unha visita de cortesía ao titular da Cámara galega

Santiago, 12 de xullo de 2018.- O delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada de Azpiazu, efectuou esta mañá unha visita de cortesía ao Parlamento de Galicia, onde foi recibido polo titular da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira.

Durante a reunión, o presidente do Parlamento trasladou ao delegado do Goberno “a lealdade e colaboración institucional do Lexislativo galego na procura do ben común para as galegas e os galegos, aos que todos os responsables públicos nos debemos”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.